



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA

DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13.50 horas do día 19 de decembro de 2016; a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde-Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero

ORDE DO DÍA.

Antes de dar comezo a tratar os asuntos correspondentes á Orde do día, o Alcalde-Presidente da comezo á sesión e solicita aos asistentes (a petición da FEGAMP, mediante comunicado de urxencia) un minuto de silencio polos asasinatos acaecidos esta fin de semana como consecuencia da violencia machista

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 18 de novembro de 2016.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 18 de novembro de 2016.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA AHDESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15696 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fudes.dicoruna.es

Sométese a ditame do Pleno da Corporación a proposta que a continuación se transcribe:

“(…) O Alcalde- Presidente comeza explicando a necesidade da aprobación da adhesión ao dito Convenio pola actual situación demográfica e socio económica, que propicia un cambio no perfil das persoas usuarias dos servizos sociais, incrementa a necesidades de atención a que debe dar resposta o sistema de servizos sociais o que obriga a adaptarse aos cambios con rapidez para garantir unha atención de calidade. Esta situación leva tamén a que resulte necesario esforzarse en reducir barreiras entre os niveis asistenciais e en optimizar o uso dos recursos, aspecto en que o aproveitamento das posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) resulta clave.

Neste contexto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou no mes de outubro de 2013 o Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais.

Coa integración das tecnoloxías da información e da comunicación na xestión dos servizos sociais, a Administración Autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda de atención en aumento.

O Consello da Xunta de Galicia acordou o inicio polos órganos competentes das actuacións necesarias para a tramitación da normativa que regule o uso da Historia Social única Electrónica, o acceso á información recollida nela, así como o uso preferente da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde como instrumento de identificación no acceso da cidadanía aos servizos sociais e á creación dunha base de datos poboacional de referencia.

Logo de ver os artigos 10, 55 e 57 da Lei de Bases do Réxime Local, que regulan as relacións inter administrativas e a coordinación e a eficacia administrativas, das Administracións do Estado, así como das Administracións autonómica e local, de acordo co principio de lealtade institucional.

Tralas consideracións expostas e unha vez finalizada a deliberación, por unanimidade, o Pleno da Corporación, en virtude da competencia regulada no artigo 22.2.b) da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local, ACORDA:

1.- Primeiro.- A aprobación do Protocolo de adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social única Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Segundo.- O Concello Pleno manifesta a vontade de adhesión formal e expresamente a tódalas cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

3.- Terceiro.- Notificar o contido deste Acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias.

4.- Cuarto.- Facultar ao Sr. alcalde, Roberto Rey Martínez para actuar en nome e representación do Concello de Frades en todas aquelas xestións relacionadas.

3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2017.-

Pola Alcaldía- Presidencia dáse lectura ao ditame favorable da Comisión Especial de Contas celebrada o 15/12/2016 que se reproduce literalmente:

" (...) Visto o expediente completo para a aprobación do Orzamento do exercicio 2017 do Concello de Frades, esta Alcaldía- Presidencia propón que a Comisión Informativa Permanente Especial de Contas, ditamine favorablemente, e o Pleno Municipal posteriormente adopte o presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2017 cuxo importe ascende a **2.181.445,71 euros**, no Estado de Ingresos e á **2.048.044,17 euros** no Estado de Ingresos, cun superávit de **133.401,54 euros**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

<i>Estado de gastos</i>		
<i>Cap. 1</i>	<i>Gastos de persoal</i>	<i>417.385,97</i>
<i>Cap. 2</i>	<i>Gastos de bens correntes e servizos</i>	<i>925.474,12</i>
<i>Cap. 3</i>	<i>Gastos financeiros</i>	<i>1.000,00</i>
<i>Cap. 4</i>	<i>Transferencias correntes</i>	<i>126.000,00</i>
<i>Cap. 6</i>	<i>Inversións reais</i>	<i>578.184,08</i>
<i>Cap. 7</i>	<i>Transferencias de capital</i>	<i>0,00</i>
<i>Cap. 8</i>	<i>Activos financeiros</i>	<i>0,00</i>
<i>Cap. 9</i>	<i>Pasivos financeiros</i>	<i>0,00</i>
	TOTAL GASTOS	2.048.044,17

<i>Estado de ingresos</i>		
<i>Cap. 1</i>	<i>Impostos directos</i>	<i>599.152,11</i>
<i>Cap. 2</i>	<i>Impostos indirectos</i>	<i>45.000,00</i>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)

Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@jindes.diaoruna.es

Cap. 3	Taxas e outros ingresos	140.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	1.165.618,71
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Alleamento de inversións reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	231.174,89
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	2.181.445,71

SUPERÁVIT	133.401,54
------------------	-------------------

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do orzamento municipal para o exercicio de 2017.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, o cadro de persoal (plantilla), xunto co Anexo de persoal.

CADRO DE PERSOAL.-

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención-Tesourería.-A1/26.-1.-1 Cobertura nomeamento provisional

Admón. Xeral.-Alguacil-Porteiro.-E.-14.-1.-0.

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-Xornada

1.-Animador deportivo.-completa.

1.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

3.-Conductor de tractor.-Completa.

1.- Arquitecto.- Completa

1.-Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.-Completa

3.- Peóns servizos.-completa



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2017 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

O Presidente da Comisión de Contas, Don Manuel Ferreiro Marzoa procede a explicar a variación por capítulos do orzamento 2017 en relación co orzamento do exercicio anterior.

A continuación procede a aclarar o superávit orzamentario por importe de 133.401,54 euros, e a súa finalidade: cumprimento da regra do gasto na liquidación do orzamento correspondente ao 2016. Os Orzamentos correspondente ao exercicio 2017, tamén compren a regra do gasto.

Con respecto ao POS e PAS dos exercicios anteriores, salienta o Plan único como novidade da Deputación Provincial de A Coruña, e a posibilidade de destinalo a gasto corrente. O Plan único, aínda que a súa contía non sería equivalente á suma do POS16 e PAS15, concede unha gran autonomía aos Concellos.



Concello de FRADES

Cinadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraades.ditoruna.es

Insiste no dato positivo para o Concello de que á data 31-12-2016 non teremos débeda bancaria, só coa Deputación (PAI), e ademais, un dato moi significativo que reflexa a boa xestión económica é que as facturas están ao día. O pago a provedores do último trimestre do 2016 é de 8,25 días.

Sen máis intervencións a Comisión informativa permanente especial de Contas, con cinco votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e dous abstencións dos concelleiros do grupo municipal do BNG, ditaminou favorablemente o ACORDO proposto pola Alcaldía- Presidencia anteriormente transcrito. (...)”

A continuación o Alcalde- Presidente da lectura á Memoria da Alcaldía que forma parte dos Orzamentos, procede a expoñer as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio 2017 e a salientar as diferencias en relación aos orzamentos do exercicio 2016, en consonancia co explicado na Comisión Especial de Contas polo Presidente da mesma.

- 1.- Incremento dos investimentos, a pesares da redución da aportación da Deputación Provincial (achega provincial 2016), con respecto ao PAS 2015.
- 2.- Transparencia.
- 3.- Menor nivel de endebedamento, debido a que o endebedamento bancario é cero.
- 4.- Equilibrio nas contas e compromiso de pago a provedores.
- 5.- Estabilidade Orzamentaria.
- 6.- Cumprimento do Plan Económico Financeiro e Cumprimento da Regra do gasto, orzando un superávit de 133.401,54 euros para cubrir o incremento do gasto non financeiro resultante da Liquidación dos Orzamentos do exercicio 2015.
- 7.- Aumento dos gastos en ben correntes e servizos básicos e obrigatorios en tódolos Concellos.
- 8.- Con respecto aos gastos de persoal establécese a previsión dun aumento do 1%, non contemplado aínda e que non poderá ser executivo ata que se aproben os Orzamentos de 2017 Xerais do Estado.
- 9.- Incremento dos gastos en servizos sociais a través do incremento da partida de transferencias correntes á Mancomunidade.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao Primeiro Tenente de Alcaldía e Presidente da Comisión de Contas, Don Manuel Ferreiro Marzoa que procede a explicar as liñas fundamentais do Orzamento de 2017.

“ (...) O Capítulo 1 de gastos representa un 20% sobre o Orzamento Total do Concello. Con respecto a outros Concellos, trátase dunha porcentaxe mínima. Estamos ante uns Orzamentos fortemente inversores. Outro dos pilares fundamentais é o incremento dos servizos sociais a través da partida da Mancomunidade, e o incremento dos servizos sociais especializados.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coaña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

Incrementátese o Turismo, e dótese unha partida para o mantemento da páxina web, porque é necesario promocionar o Concello de Frades cara o exterior (...)

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao concelleiro do BNG, Don José María Pérez Lagos que intervéñ para explicar que a débeda bancaria é cero pero existe unha débeda coa Deputación, e afirma que moitos cursos que se realizan neste Concello son pagados

A continuación o Alcalde- Presidente intervéñ para explicar que poucos cursos páganse ao 100%, e en relación coa débeda coa Deputación, sinalar que é mínima porque fomos conscientes de que utilizar o PAI para outra finalidade que non fose amortización de débeda, é dicir, para investimentos, suporía endebedar máis ao Concello e incumprir a regra do gasto. A continuación o Alcalde- Presidente procede a solicitar ao Pleno municipal que, atendendo aos intereses xerais dos nosos veciños a aprobación deste orzamento 2017 que dará cobertura as necesidades deste Concello.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 8 votos a favor dos concelleiros/as do municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2017 cuxo importe ascende a **2.181.445,71 euros**, no Estado de Ingresos e á **2.048.044,17 euros** no Estado de Ingresos, cun superávit de **133.401,54 euros**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	417.385,97
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	925.474,12
Cap. 3	Gastos financeiros	1.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	126.000,00
Cap. 6	Inversións reais	578.184,08
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL GASTOS	2.048.044,17



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: corneo@fraidesdiaruna.es

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	599.152,11
Cap. 2	Impostos indirectos	45.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	140.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	1.165.618,71
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Alleamento de inversións reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	231.174,89
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	2.181.445,71

SUPERÁVIT	133.401,54
------------------	-------------------

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do orzamento municipal para o exercicio de 2017.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, o cadro de persoal (plantilla), xunto co Anexo de persoal.

CADRO DE PERSOAL.-

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención-Tesourería.-A1/26.-1.-1 Cobertura nomeamento provisional

Admón. Xeral.-Alguacil-Porteiro.-E.-14.-1.-0.

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-Xornada

1.-Animador deportivo.-completa.

1.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

3.-Conductor de tractor.-Completa.

1.- Arquitecto.- Completa



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15696 - FRADES (A Coniña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

- 1.- Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.-Completa
- 3.- Peóns servizos.-completa

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2017 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

4.- MOCIÓNS.- Non se presentan.

5.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación o Sr. Alcalde informa dos seguintes asuntos:

- 1.- Repártese pola Alcaldía á secretaria e a tódolos/as concelleiros/as, o calendario e o folleto de actividades para o Nadal 2016-2017.
- 2.- Infórmase que con data 11 de novembro de 2016 saíu publicado o concurso unitario e se incluíu por erro o posto de Secretaría- Intervención do Concello de Frades. Con data 7-12-2016 publicouse a corrección de erros.



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

3.- Con respecto ao POS 2016 infórmase que rematáronse as obras de “MELLORA DE CAMIÑOS DE GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ (CONCELLO DE FRADES)” EXPTE CO 2.2016”. Con respecto ás obras de “MELLORA DE CAMIÑOS DE LEDOIRA A PONTEBRATES (AÑÁ) E DE ABELLÁ A CABOLADRÓN (MESOS)” EXPTE CO 1.2016. faltaría o micro aglomerado. Debido ás baixas temperaturas teremos que esperar a marzo-abril.

4.- Con respecto ao PAS 2015, están tódalas obras adxudicadas e rematada a obra de “Accesos a Tarrío (Papucín) e outros”.

5- Con respecto ás bonificacións do IBI, infórmase que constan no Concello 170 solicitudes. Convocarase un Plano extraordinario para o día 29/30 de decembro para aprobalas.

6.- Con respecto ao concurso de tapas, infórmase que, de 6 locais, os gañadores foron:

- Adegas A Coviña, primeiro premio de 300 euros.

- Bar Vilarriño, segundo premio de 150 euros.

Ademáis repartíronse dous premios para os votantes. Os gañadores foron:

- Alejandro López (unha cea).

- Sandra Gómez (un circuito termal).

7.- Contratáronse dous traballadores para labores de limpeza do Programa “Aprol rural”.

8.- Está redactándose o Proxecto financiado pola Xunta (Dotación orzamentaria nos Orzamentos 2017 da Xunta: 325.000 euros), de Abastecemento de Auga para o Concello de Frades.

5.- **ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que pregunta a previsión de finalización dos traballos en Ponte Raselo.

O Sr. Alcalde- Presidente contesta que que a previsión de remate é de antes de fin de ano ou primeiro trimestre de 2017

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos fai o rogo de que antes de levar o Pleno o Plan Único, se consensúe coa oposición. E en relación coa abella asiática, pide diálogo do Concello coa Xunta para facer un consenso.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaruna.es

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos, quíxase dos traballadores da Xunta, e procede a realizar as seguintes cuestións que solicita que consten en acta:

¿ Por que tardan tanto as licencias en tramitarse neste Concello?

¿ As obras que se fan teñen que estar aprobadas pola Xunta de Goberno Local previo Informe dos servizos técnicos?

¿ Os solicitantes teñen que pagar ICIO e taxa por expedición de Licencias?

¿ Algunha vez construíuse unha obra sen licencia?

O Sr. Alcalde- Presidente responde que de non construír de acordo coa legalidade o Concello advertiría a necesidade de repoñer a situación á legalidade vixente.

<<Tódalas obras necesitan de licencia. As licencias apróbanse na Xunta de Goberno Local. O ICIO é do 2% e págase mediante transferencia bancaria ou en efectivo.

O Alcalde manifestou que este Goberno non detectou obras ilegais ou carentes de licencia, pero pode ser que as haxa. As comprobacións débense facer polo persoal técnico pero o equipo técnico é o que hai e fanse as que se poden.>>* nota: párrafo engadido por acordo do Pleno de data 29-12-2016.

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle de novo a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que pregunta ¿ Cales foron os motivos para que a Casa Niño de Frades fose a única que tivese problemas en toda Galicia cando os servizos técnicos noutros Concellos nunca tiveron implicacións políticas?

O Sr. Alcalde- Presidente procede a aclarar que dende o Concello de Frades non se puxo ningún impedimento para facer a Casa Niño. Pola contra, tratouse de facilitar a xestión. Porén, existen dende esta Alcaldía certas dúbidas con respecto ao procedemento que se está a levar a cabo dende a Casa Niño con respecto ao prazo para inscribirse, a falta de publicación (información pública) do prazo de inscrición e matrícula, do baremo para establecer unha orde de prioridade para as familias máis necesitadas... cuestións que serán abordadas nunha reunión que teño solicitada na Xunta para que me expliquen a normativa e o funcionamento da Casa Niño.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra á concelleira do grupo municipal BNG, Dona Nelly Iglesias Rey que pregunta a onde chega a información para facer o calendario, porque este ano non puideron apuntar á miña pequecha que tamén é de Frades.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que a información mándase a través do colexio, para que podan apuntarse tódolos nenos e nenas que queiran.



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:50 horas, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria-Interventora que dá fe, en Frades, a 29 de decembro de 2016.

Vº. e Pº.
O ALCALDE



A SECRETARIA

